



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 11 DE ABRIL DE 2013

LICENZAS

LIC/1725/2012.- MARÍA MARGARITA BOUZO PUMAR.- Conceder licenza para conservación e mantemento de fachadas e cuberta na rúa das Hortas, 20.

LIC/295/2013.- CONSTRUCCIONES Y VIAJES KUPULA, SL.- Conceder licenza para montaxe de guindastre e instalacións provisionais nunha parcela municipal no lugar do Restollal.

APERTURAS

LAP/279/2012.- TALLERES CECASTAR AUTOMOCIÓN, SL.- Licenza de apertura para taller de reparación de vehículos en Vía Edison, 33. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente de Xunta de Galicia para a emisión do preceptivo ditame de incidencia ambiental.

DEVOLUCIÓN DE FIANZA

LIC/406/2013.- SOFIA CARBALLIDO MUGICO..... LIC/1673/2011 600 €

LIC/407/2013.- SOFIA CARBALLIDO MUGICO LIC/1673/2011 2568,10 €

LIC/413/2013.- MANUEL BARBAZÁN VIDAL LIC/38/2008 1.500 €

**LIC/381/2013.- SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAFOS, SA
..... LIC/434/2012 e LAP/74/2012 1.000 €**

LIC/365/2013.- JAIME PENA PINTOR LIC/1412/2005 1.500 €

LIC/2414/2011.- BREA MOTOR, SA LIC/2301/2005 24.000 €

LIC/393/2013.- OSCAR MONTERO COLON LIC/33/2000 600.000 PTAS.

5 a 22.- Proposta da concelleira delegada de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

Concédense os devanditos beneficios fiscais.

23.- Aprobación de expediente e apertura do procedemento de adjudicación do Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e a actividade de Vixilancia médica da saúde

A XGL aprobou, a proposta da concelleira de Réxime Interior, o expediente de Servizo alleo de prevención de riscos laborais para o Concello de Santiago de Compostela, incluíndo as especialidades preventivas de Hixiene Industrial e Medicina do Traballo e a actividade de vixilancia médica da saúde, así como iniciar o procedemento de contratación. O gasto para estes servizos quedaría distribuído da seguinte forma:

2013: 45.294,95 €.

2014: 77.648,48 €

2015: 32.353,53 €

24.- Recurso especial en materia de contratación.

Á vista do informe presentado pola Asesoría Xurídica Municipal, a XGL adoptou o seguinte acordo:

-Dar por concluído o trámite de presentación de alegacións da peza separada recurso especial en materia de contratación interposto pola entidade UTE Telefónica de España SAU-

Telefónica Móviles España SAU, contra o anuncio e prego de cláusulas administrativas particulares do Servizo Corporativo de Telecomunicacións.

-Desestimar o recurso da empresa UTE Telefónica de España SAU-Telefónica Móviles España SAU.

En consecuencia considérase axustado a dereito o criterio adoptado pola mesa de contratación na súa sesión de 11 de xaneiro de 2013.

25.- Proposta do concelleiro delegado de Tráfico e Seguridade relativa ao rexeitamento dun recurso de reposición.

De conformidade co informe proposta emitido polo secretario en relación ao recurso de reposición interposto por José Carril Fernández contra o acordo da XGL de 15 de novembro de 2012 sobre expediente disciplinario incoado ao interesado por resolución da Alcaldía de data 22 de xuño de 2012, a XGL rexeita o recurso de reposición conta o acordo da XGL que acordou sancionalo.

26.- Transmisión das casetas nc292-293-294-295 a favor de María Mercedes Pazos Brea por xubilación da actual titular e nai María Divina Brea Costa.

Apróbase a transmisión.

27.- Traspaso da caseta NA342, titularidade do Mercado de Abastos de Santiago S.Coop.G., a favor de MARIA NEIRA DIEGUEZ.

Apróbase o traspaso.

28.- PERMUTA DAS CASETAS NC40 titularidade do Mercado de Abastos de Santiago coa CASETA NC39 titularidade de Manuel Pol Cruces

Apróbase a permuta.

29.- Prórroga do contrato de Alugueiro de local na rúa Galeras para reubicación das oficinas de Catastro e Censos.

A XGL aprobou renovar o contrato de alugueiro sito na rúa Galeras utilizado como oficina municipais de Catastro e Censos ata o 30 de abril de 2014. Acordouse a non revision do IPC, quedando un alugueiro de 824,33 €/mes.

30.- Proposta da concelleira delegada de Facenda e Administración pública relativa a expediente de depuración de saldos de exercizos pechados por duplicidade.

Apróbase a proposta.

31.- Proposta da concelleira da Área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación inicial do Estudo de detalle das parcelas 17A e 17B do solo urbanizable non programado número 31 (SUNP-31). San Marcos.

A XGL resolveu aprobar inicialmente o estudo de detalle na ringleira das parcelas 76 a 84 do SUNP-31 de San Marcos. Este estará sometido a exposición pública por un prazo de 20 días.

32.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á aprobación dos prazos de solicitude e matrícula dos obradoiros de verán 2013 e do curso 2013-2014 das Escolas Infantís Municipais de Conxo e Fontiñas.

A XGL aprobou os prazos de solicitude de matrícula dos Obradoiros para as Escolas de Fontiñas e de Conxo para o verán de 2013 e o curso 2013/2014. Trátase de que os nenos se sensibilicen de forma divertida con diferentes disciplinas artísticas, fomentar a curiosidade, as ganas de aprender e de descubrir novas aventuras, fomentar o traballo en equipo, o respecto e coidado cara ao medio e a sociedade.

Matrícula 2 tardes: 55 €/mes; 3 tardes: 80 €/mes; 4tardes: 105 €/mes; 5 tardes: 125 €/mes; día solto: 12 55 €.

Comedor: 75 €/mes; día solto: 5 €.

Almorzo: 30 €/mes; día solto 2 €.

Obradoiros de verán: de luns a venres, de 10 a 14 horas 125 €.

OBRADOIROS PARA O CURSO 2013/2014

OBRADOIRO DE ARTE: Este obradoiro ten como obxectivos achegar aos nenos/as ás diferentes tendencias artísticas e experimentar con diferentes materiais para facer as súas propias creacións.

OBRADOIRO DE COCIÑA DIVERTIDA: Ensinar a cocíñar é un bo camiño para estimular e ensinar os hábitos alimentarios saudables. Neste obradoiro coñecerán as táboas de alimentos e diferentes pratos típicos de distintas partes do mundo.

OBRADOIRO DE PATRIMONIO: neste obradoiro os nenos/as mergullaranse no enorme patrimonio co que conta a nosa cidade.

OBRADOIRO DO CORPO: Os nenos/as son curiosos por natureza e cunha boa guía poden aprender a experimentar, inventar... creando situacións novedosas para continuar a aventura do coñecemento do seu propio corpo.

OBRADOIRO DE INFORMÁTICA: Introduciremos aos nenos/as no mundo das novas tecnoloxías tan presentes no seu mundo...

OBRADOIROS DE VERÁN

OBRADOIRO DE CREACIÓN E MANUALIDADES. A través deste taller crearán as súas propias obras utilizando para elo diferentes materiais.

NO OBRADOIRO DE DEPORTE EN EQUIPO convertiranse en futbolistas, xogadores de baloncesto, tenistas... creando o seu propio equipo e aprendendo as "reglas básicas" que os rexen.

PRAZOS DE SOLICITUDE OBRADOIROS DE VERÁN 2013 E PARA OS OBRADOIROS DO CURSO 2013-2014

Prazo para os xa matriculados: entrega de solicitudes entre o 15 e o 19 de abril.

Publicación da lista admitidos xa matriculados: 23 de abril.

Prazo para novas solicitudes: do 1 ao 15 de maio.

Publicación da listaxe de novos admitidos: 20 de maio.

33.- Proposta da concelleira delegada de Familia, Benestar Social, Muller e Emprego para dar conta do abono do 50% do importe dunha subvención.

Dase conta á XGL do abono do 50% da subvención da Deputación da Coruña por un importe de 50.000 € para o Programa Mente Activa.

URXENCIAS

1.- Proposta do concelleiro delegado da área de Seguridade e Mobilidade relativa á revisión de tarifas do aparcamento público da praza de Galicia para 2013.

Unha vez que se procedeu á revisión extraordinaria das tarifas do aparcadoiro da Praza de Galicia e no que se conclúe un incremento do 11,48% de suba para o ano 2013, correspondente do IPC de cinco anos.

2 e 3.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello e o Consorcio da Cidade de Santiago para a realización do proxecto "Entorno da muralla" e modificación orzamentaria.

Dáse conta.

4.- Proposta da concelleira delegada de Xuventude relativa á adxudicación do servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela.

A XGL aprobou a proposta da Concelleira de Xuventude adxudicar á empresa SERMASA o servizo de xestión de actividades nos locais municipais de música para a xuventude de Compostela por ser a oferta máis vantaxosa. Esta adxudicación ten un importe de 10.406 € para o 2013 e 2014.

5.- Apróbase a revisión e actualización de prezos do tanatorio de Boisaca segundo o IPC anual. Incrementáanse nun 2,9%.